


CANÍCULA O INM decretou a alerta amarela en Ourense, onde se alcanzaron os 38 graos, e pone en marcha unha campaña informativa para os 6.000 maiores de 65 anos que viven na cidade ou traballan ó sol no rural

Os termómetros darán hoxe unha tregua tras a fin de semana abafante



Esta praia situada en Moaña encheuse de bañistas orxeira pola tarde debido ás temperaturas extremas

O índice de riscos de incendios é moi alto na capital e nas bisbarras de Valdeorras, Monterrei e Terras de Caldelas

Efe · Santiago

O Instituto Nacional de Meteorología (INM) mantén decretada a "alerta amarela" na provincia de Ourense, onde onto os termómetros chegaron aos 38 graos centígrados na capital ourensá, cunha sensación térmica sofocante. As temperaturas, que o domingo acarabon ós 36,5 graos, converteron a provincia ourensá na más calorosa de toda comunidade galega e nunha das más calorosas de toda España. Así, as zonas fluviais, xunto coas piscinas e os ríos, encéronse de persoas que trataron de afrontar un calor refrescándose.

Durante a xornada de hoxe, a influencia anticiclónica debilitárase lixeiramente, o que fará que algunas nubes e brétemas se acerquen polo Atlántico, provocando así, un incremento progresivo da nebulosidade no litoral das cidades de Pontevedra e da Coruña con posibilidadealgúns chuvascos.

As temperaturas mínimas non terán cambios mentres que as máximas descenderán de forma más significativa no litoral atlántico. Doutra banda, o coordinador da área de Urxencias do Complexo

Hospitalario de Ourense (CHOU), José Antonio Carballo, sinalou onte que as principais recomendacións xerais que hai que ter en conta para evitar consecuencias ante as altas temperaturas pasan por "hidratarse correctamente, non se expoñer ao sol" e non realizar traballos nin exercicio físico ao sol".

Neste senso, Carballo García lembrou que nas vivendas se recomenda ter as persianas baixadas durante o dia "e abriñas pola noite para que refresque" e "durante o día evitar as aglomeracións". O coordinador da área de Urxencias do

OS DATOS

As maiores consecuencias

José António Carballo di que os maiores problemas causados pola calor non se rexistran en persoas maiores, senón que se trata de persoas en bo estado de saúde que traballan a temperaturas moi elevadas.

As golpes de calor causan a morte

Carballo considera que a xente que traballa a temperaturas moi elevadas pode sufrir golpes de calor que poden desencadear a morte, tal e como aconteceu a un mozo pasado cunha persona de 42 anos.

CHOU manifestou que a poboación de risco centrarse nos "anciáns e nos nenos" aos que "hai que hidratar correctamente con abundantes líquidos e zumes de froita".

A suba das temperaturas presenta a súa parte más negativa na proliferación dos incendios forestais. De feito, o mapa de risco afecta á maior parte das zonas montanhosas da provincia de Ourense.

Na cidade de Ourense, así como nas bisbarras de Valdeorras, Monterrei e Terras de Caldelas, o risco de incendios é "moi alto", segundo indicou a Consellería de Medio Rural, polo que a probabilidade de que se produza algún incendio sitúase entre un 69 e un 80%.

Non resto da xeografía ourensá, o risco de incendio é "alto", salvo na Baixa Limia, os montes de Peña Trevinca e no Invernadoiro, onde se reducen as posibilidades de que se produzan lumes.

Por outra banda, os portugueses viviron onto o día máis quente do ano, con temperaturas de ata 42 graos en localidades do interior sur do país como Beja e Santarem e que no resto do territorio chegarán ós 40 graos, di ó INE. Estas altas temperaturas, por encima da media para esta época do ano, obligaron a colocar un distrito en alerta vermella, o de Porto Alegre, no interior do país, onde os termómetros alcanzarán os 42 graos. Outros céz distritos están en alerta laranxa, no centro e no sur do país, ademais do de Braga no norte. O resto está en alerta amarela.

A busca da moza desaparecida en Tenerife durará outra semana

A Garda Civil continuará "po lo menos unha semana máis" co operativo de procura da moza Fernanda Urzúa Marín, desaparecida desde o xoves en Tenerife cando se dirixiu á súa casa tras despedirse dun amigo, informou a Elle o comandante da Garda Civil, Enrique Sancho. Ata o momento só se encontraron dúas pistas nun camiño de terra i menos dun quilómetro da urbanización Ten Bel, domicilio de Ferrianda, que foron recorridas polos pais. Trátase dunha zapatiña de praia, encontrada no primeiro día de rastrexo e un cinto

acido o venres, confirmou Enrique Sancho. O comandante insiste en que "barállanse moitas liñas de investigación ainda que todos os incios apuntan a unha desaparición forzosa".

Case un centenar de persoas buscan a moza. Esta fin de semana sumáronse 97 militares. Tamén participan os GEAS da Garda Civil e por aire sumáñense dous helicópteros da Garda Civil, o grupo rural de seguridade, patrullas de Praia das Américas, axentes do Servizo de Protección da Natureza (Sepri) e dúas unidades caninas. ● EFE

Continúa a procura do veciño da Fonsagrada que hai 10 días que falta

Un total de cinco brigadas forestais e o exército, des unidades de xerencia, tratan de localizar o veciño da Fonsagrada que permanece desparecido desde o sábado 21 de xullo, informou o delegado da consellería de Medio Rural en Lugo, Emilio López Pérez. "Estamos facendo todo o humano e materialmente posible", sinalou o delegado, quen agregou que o venres pasado se desprazou ata a zona o falou con irmán do desparecido. López Pérez dixo entender a "preocupación da familia", a vez que sinalou que se está traballando

"cun grupo grande de brigadas, mentres non haxa incendios disponemos celos e con voluntarios do exército que están para vixilar o monte nesa área".

"Non se pode perder a esperanza pero trabálase nunha orografía moi difícil", avisou.

Doutra banda, felicitouse pola boa situación do monte e pelo feito de que a fin de semana, e pese ó aumento de temperaturas, transcorreu na provincia de Lugo "sen ningún tipo de problema". "Como moi moi houbc algun pequeno conato" estremouaba. ● EFE

A Policía lucense detén unha persoa por agredir sexualmente unha rapaza

A policía local de Lugo detivo este fin de semana a un individuo como presunto autor dun delito de ingreso sexual a una moza de 24 anos, vecina desta cidade, despois de que os pais da vítima conseguiron retelo, informou o xefe do gabinete de comunicació do Concello.

Os axentes foron alertados de estos feitos a través dunha chamada ó 092, e de inmediato unha patrulla trasladouse ó lugar onde o presunto agresor era retido polos pais da moza. Os feitos tiveron lugar nun edificio do barrio de Linゴi, o sábado 28 de xullo ás seis e media da mañá, cando a muller

entrou no portal do seu domicilio e viuse sorprendida por un home que a seguía ata o ascensor. Unha vez no interior do elevador, intentou agredir sexualmente a muller que fundo pánico e luchou mentres intentaba zafarse do agresor. Os propios pais eiron a moza e conseguiron evitar a agresión e reter o presunto delincuente.

O nome, A.A.P., que estaba previsto que pasase ante a disposición xudicial, ten 23 anos, e natural de Portiña, e con domicilio en Lugo e foi trasladado por agentes da Policia Local á comisaría da Policia Nacional. Parece que non ten antecedentes. ● EFE

O presunto asasino da súa muller en Badalona, fóra de perigo

O home que presuntamente matou o domingo a súa muller en Badalona (Barcelona) recuperouse no Hospital Can Ruti de la poboación das feridas de armas branca "poco graves" que se infligiu.

M.G.A., de 51 anos, asasinou presuntamente a súa muller N.E.S., de 48 anos, cara ás 01:30 horas da madrugada do domingo e logo cravouse un coitelo no estómago na súa casa do barrio de Bufalà de Badalona. O único fillo da parella achou o corpo dos seus

pais na cama matrimonial no medio dun gran charco de sangue ó volver dunha viaxe a Francia e alertou ós Mossos d'Esquadra.

Con este caso elevase a 46 o número de mulleres mortas por violencia doméstica no que vai de ano en toda España, e é o sexto asesinato no mes de xullo.

A Policia Local detivo un vízgués de 38 anos, que responde ás iniciais J.L.B.M., como presunto autor dun delito de violencia de xenero ó agredir na vía pública a súa muller. ● EFE